

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

*RESOLUCIÓN do 20 de abril de 2018 pola que se convocan probas para a renovación da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.*

De conformidade co establecido no artigo 6.1 do Decreto 8/2010, do 21 de xaneiro, polo que se regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas (DOG núm. 24, do 5 de febreiro), para desenvolver a función de control de acceso deberá contarse coa habilitación da dirección xeral con competencia na materia, tras a obtención do certificado acreditativo de superar as probas previstas no artigo 5 da norma mencionada, expedido pola Academia Galega de Seguridade Pública.

Tendo en conta o exposto no Decreto 75/2015, do 21 de maio, polo que se modifica o referido Decreto 8/2010, a vixencia da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas é de cinco anos desde a data da súa expedición.

Na súa virtude, no uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

O obxecto desta resolución é a aprobación das bases xerais e a convocatoria das probas para a renovación da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas e a súa expedición.

Os códigos do procedemento regulados nesta resolución son PR473A e PR473B.

Segundo. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento PR473A e comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) Situación de desemprego.



c) Discapacidade igual ou superior ao 33 %, no suposto de ser expedido pola Xunta de Galicia.

d) Certificado de antecedentes penais, expedido polo Ministerio de Xustiza.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

2. Ademais, as persoas interesadas deberán achegar coa súa solicitude a seguinte documentación:

a) Xustificante do ingreso da taxa, co selo da entidade bancaria con indicación da data.

b) Copia do xustificante, de ser o caso, de ter unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, no suposto que non fose expedido pola Xunta de Galicia.

c) Dúas fotografías tamaño carné de identidade.

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica supere o tamaño máximo establecido ou teña un formato non admitido pola sede electrón-



nica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Terceiro. *Taxa*

Conforme dispón a Lei 6/2003, do 9 de setembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a modificación introducida pola Lei de orzamentos para o ano 2011, a taxa por participación nas probas para obter a certificación acreditativa da habilitación será de 50,90 euros, que serán ingresados, mediante o modelo xeral de autoliquidación de taxas, ao cal poden acceder desde a páxina web da Axencia Tributaria de Galicia ([www.atriga.es](http://www.atriga.es)).

No caso de non ter certificado dixital poderá pagar de forma presencial na entidade colaboradora (das cales existe unha listaxe pública nesa mesma páxina web) ou telematicamente con tarxeta bancaria. No caso de ter certificado dixital, poderá pagar accedendo á oficina virtual.

As/os aspirantes deberán cubrir, nas partes habilitadas para o efecto no referido modelo de autoliquidación de taxas, tanto se o pagamento se fai de xeito presencial na entidade colaboradora, como telematicamente a través da oficina virtual da Axencia Tributaria de Galicia, os seguintes códigos:

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Código: 04.

Delegación de Pontevedra.

Código: 40.

Servizo de Academia Galega de Seguridade Pública.

Código: 19.

Taxa: denominación: Participación nas probas para obter certificación acreditativa da habilitación.

Código: 30.48.01.

Total: 50,90 euros.



Ademais, as/os aspirantes cubrirán os seus datos persoais nas partes reservadas para tal fin no devandito modelo.

Están exentos do pagamento desta taxa:

1. As/os aspirantes que figuren inscritas/os como desempregadas/os no Instituto Nacional de Emprego, que poderán autorizar a comprobación desta situación pola Administración, ou presentar o certificado acreditativo dela.

2. As/os aspirantes que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditando documentalmente tal situación, agás no caso de que a situación de discapacidade fose expedida pola Xunta de Galicia; en tal suposto, pode autorizar a súa consulta ou ben presentar tal certificación.

A falta de xustificación do pagamento íntegro da taxa por dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de solicitudes, determinará a exclusión da/do aspirante do proceso, sen que sexa posible emendar tal deficiencia nun momento posterior.

#### Cuarto. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes*

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo a carpeta do cidadán da persoa interesada. Opcionalmente, poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



**Quinto. Admisión**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o/a titular da Dirección Xeral da Agasp ditará resolución que se publicara no DOG, na cal se declarará aprobada a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, indicando a causa ou motivo da exclusión, no prazo máximo dun mes contado desde a expiración do prazo de presentación de solicitudes.

Os/as aspirantes que figuren na relación provisional como excluídos, disporán dun prazo de dez (10) días hábiles contados a partir da publicación de tal resolución, co fin de emendar, se é o caso, as deficiencias que motivaron a súa exclusión, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a resolución da Dirección Xeral da Agasp que faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as poderá interpoñerse recurso administrativo nos termos previstos pola Lei 39/2015, referida con anterioridade.

**Sexto. Data, tribunal cualificador e lugar de realización**

A data e composición do tribunal cualificador das probas correspondentes a esta convocatoria coñeceranse na resolución que faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidas/os á realización destas.

As probas realizaranse na sede da Agasp (avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra).

O tribunal que cualificará estas probas será nomeado pola Dirección Xeral da Agasp, estará composto por un número impar de membros, e o réxime xurídico aplicable ao tribunal cualificador será o que establece para os órganos colexiados a Lei 39/2015, do 1 de outubro (artigos do 15 ao 19).

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as técnicos/as especialistas, debido á especificidade da proba que se vai desenvolver, e poderá solicitar da Agasp a designación de persoal colaborador, cando o número de aspirantes o faga conveniente.

Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede nas dependencias da Agasp designadas para tal fin.



**Sétimo. Proba: contido e realización**

Para obter a renovación da habilitación, será necesario superar un test psicolóxico, que se realizará na sede da Agasp (avenida da Cultura, s/n, A Estrada, Pontevedra).

A data e a hora de realización desta publicarase no DOG e na páxina web da Agasp, na resolución que faga pública a listaxe definitiva de admitidos e excluídos para a realización desta proba.

Os/as aspirantes deberán acudir a realización da proba co DNI, pasaporte ou permiso de residencia e traballo en España, serán chamados por orde alfabética e decaerán no seu dereito de participación os e as que non comparezan, agás os casos de forza maior, debidamente xustificadas.

O tribunal cualificador poderá en calquera momento durante a realización da proba requirir os/as aspirantes a acreditación da súa identidade.

O tempo para a realización da proba será como máximo noventa (90) minutos e cualificarase de apto/a ou non apto/a.

Concluída a proba, no prazo máximo de dez (10) días, o tribunal elevará á Dirección Xeral da Agasp a relación de aspirantes declarados/as aptos/as, que procederá á súa publicación no DOG e a remisión desta á dirección xeral con competencia en materia de espectáculos públicos.

Así mesmo, esta listaxe definitiva, publicarase na páxina web da Agasp.

**Oitavo. Información aos/ás interesados/as**

Sobre esta convocatoria, poderase obter información adicional, na Academia Galega de Seguridade Pública, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (<https://agasp.xunta.gal>).
- b) No enderezo electrónico [formacion.agasp@xunta.gal](mailto:formacion.agasp@xunta.gal).
- c) No teléfono da Agasp 886 20 61 10.



d) No Servizo de Formación en Seguridade Pública na Agasp (avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra).

Noveno. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta resolución, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nos ficheiros denominados «persoal de control de acceso PR473A» e «persoal de control de acceso PR473B» cuxo obxecto é xestionar estes procedementos, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento.

O órgano responsable do ficheiro «persoal de control de acceso PR473A» é a Academia Galega de Seguridade Pública. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Agasp, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra, ou a través dun correo electrónico a [agasp@xunta.gal](mailto:agasp@xunta.gal).

O órgano responsable do ficheiro «persoal de control de acceso PR473B» é a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: rúa Roma, 25-27, As Fontiñas, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [emergencias.interior@xunta.gal](mailto:emergencias.interior@xunta.gal).

Décimo. *Expedición da habilitación do persoal de control de acceso*

As/os aspirantes que superaron as probas deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior axustada ao modelo normalizado que figura como anexo II desta resolución (código PR473B) xunto co xustificante de ter aboada a correspondente taxa, para que lle sexa expedida a habilitación prevista no artigo 6 do Decreto 8/2010, do 21 de xaneiro, necesaria para desenvolver a función de control de acceso, xunto co distintivo que os identifique e acredite como persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.

As solicitudes presentaranse de acordo co establecido na disposición cuarta desta resolución no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da relación definitiva das/dos aspirantes que superaron as probas no *Diario Oficial de Galicia*.



O pagamento da taxa poderá facerse en calquera das modalidades previstas na disposición terceira desta resolución, e deberanse cubrir os seguintes códigos no modelo de autoliquidación:

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Código: 04.

Delegación de Servizos Centrais.

Código: 13.

Servizo de Interior e Espectáculos Públicos.

Código: 20.

Taxa: denominación: expedición e renovación da habilitación.

Código: 30.48.02.

Total: 5,98 euros.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

A Estrada, 20 de abril de 2018

Luis Menor Pérez  
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública






**XUNTA DE GALICIA**  
 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

**ANEXO I**

|   |   |                                |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>ADMISIÓN ÁS PROBAS PARA A RENOVACIÓN DA HABILITACIÓN DO PERSOAL DE CONTROL DE ACCESO A ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><b>PR473A</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|---|---|--------------------------------|

|                                    |                  |                    |            |       |       |  |  |
|------------------------------------|------------------|--------------------|------------|-------|-------|--|--|
| <b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b> |                  |                    |            |       |       |  |  |
| NOME                               | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO    | NIF        |       |       |  |  |
| TIPO DE VÍA                        | NOME DA VÍA      | NÚMERO             | BLOQUE     | ANDAR | PORTA |  |  |
| PARROQUIA                          | LUGAR            |                    |            |       |       |  |  |
| CP                                 | PROVINCIA        | CONCELLO           | LOCALIDADE |       |       |  |  |
| TELÉFONO                           | TELÉFONO MÓBIL   | CORREO ELECTRÓNICO |            |       |       |  |  |

|  |                  |                 |     |
|--|------------------|-----------------|-----|
| <b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) |                  |                 |     |
| NOME/RAZÓN SOCIAL  | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |

|  |
|--|
| <b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA</b>   |
| <input type="checkbox"/> Dúas fotografías tamaño carné de identidade.  |
| <input type="checkbox"/> Taxas administrativas devindicadas pola tramitación da solicitude.  |
| <input type="checkbox"/> Copia do xustificante, se é o caso, de ter unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, no suposto de que non fose expedido pola Xunta de Galicia. |

|  |                           |
|--|---------------------------|
| <b>COMPROBACIÓN DE DATOS</b>   |                           |
| Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos. | <b>OPÓNOME Á CONSULTA</b> |
| <input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa solicitante.  | <input type="checkbox"/>  |
| <input checked="" type="checkbox"/> Certificado de antecedentes penais.  | <input type="checkbox"/>  |
| <input checked="" type="checkbox"/> Situación de desemprego.   | <input type="checkbox"/>  |
| <b>MARQUE O CADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b>  |                           |
| <input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia.  | <input type="checkbox"/>  |


De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Persoal de control de acceso PR473A co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Academia Galega de Seguridade Pública. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Academia Galega de Seguridade Pública, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, ou a través dun correo electrónico a [agasp@xunta.gal](mailto:agasp@xunta.gal)

|  |
|--|
| <b>LEXISLACIÓN APLICABLE</b>   |
| Decreto 8/2010, do 21 de xaneiro, polo que se regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas e as súas modificacións.                              |
| Orde do 21 de abril de 2010 pola que se aproban as bases xerais das probas para a obtención da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas. |
| Resolución do 20 de abril de 2018 pola que se convocan probas para a renovación da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.             |

|   |
|---|
| <b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE</b>                                      |
| Lugar e data  |
| <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/> |



Academia Galega de Seguridade Pública



**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: dmf6kiv4-man6-big2-ez07-512b02ugapvz


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ANEXO II

|  |   |                                |
|--|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>EXPEDICIÓN DA HABILITACIÓN E DO DISTINTIVO DO PERSOAL DE CONTROL DE ACCESO A ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS POR RENOVACIÓN</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><b>PR473B</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|--|---|--------------------------------|

|                                    |                      |                      |                      |
|------------------------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| <b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b> |                      |                      |                      |
| NOME                               | PRIMEIRO APELIDO     | SEGUNDO APELIDO      | NIF                  |
| <input type="text"/>               | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| TIPO DE VÍA                        | NOME DA VÍA          | NÚMERO               | BLOQUE ANDAR PORTA   |
| <input type="text"/>               | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| PARROQUIA                          | LUGAR                |                      |                      |
| <input type="text"/>               | <input type="text"/> |                      |                      |
| CP                                 | PROVINCIA            | CONCELLO             | LOCALIDADE           |
| <input type="text"/>               | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| TELÉFONO                           | TELÉFONO MÓBIL       | CORREO ELECTRÓNICO   |                      |
| <input type="text"/>               | <input type="text"/> | <input type="text"/> |                      |

|  |                      |                      |                      |
|--|----------------------|----------------------|----------------------|
| <b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) |                      |                      |                      |
| NOME/RAZÓN SOCIAL  | PRIMEIRO APELIDO     | SEGUNDO APELIDO      | NIF                  |
| <input type="text"/>   | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

|  |
|--|
| <b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA</b>   |
| <input type="checkbox"/> Taxas administrativas devindicadas pola tramitación da solicitude |

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Persoal de control de acceso PR473B co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, ou a través dun correo electrónico a [emergencias.interior@xunta.gal](mailto:emergencias.interior@xunta.gal)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Decreto 8/2010, do 21 de xaneiro, polo que se regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas e as súas modificacións.  
Resolución do 20 de abril de 2018 pola que se convocan probas para a renovación da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.

|   |
|---|
| <b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE</b>                                      |
| Lugar e data  |
| <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/> |

